

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2020/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	30 de xaneiro de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 21:00 ata as 0:05 horas
<b>Lugar</b>	SALON DE SESIONS
<b>Presidida por</b>	Fátima Abal Roma
<b>Secretario</b>	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

### **ASISTENTES** (14):

**PSDG-PSOE** (4): D<sup>a</sup> María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D<sup>a</sup> Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

**SOMOS CAMBADOS** (2): D. Xurxo Charlín Trigo e D. Constantino Cordal Rodríguez.

**B.N.G.** (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e D<sup>a</sup> Mariel Oubiña Vázquez.

**P.P.** (5): D. Luís Aragunde Aragunde, D<sup>a</sup> María Isabel Fole Trigo, D<sup>a</sup> Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco e D<sup>a</sup> María del Mar Núñez Chaves.

**CAMBADOS PODE** (1): D. José Ramón Abal Varela.

**Non asisten:** D<sup>a</sup> Carolina Aragunde Laya; D<sup>a</sup> Silvia Fernández Pérez e D<sup>a</sup> Nerea Pintos Castro.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1.- Aprobación da acta da sesión celebrada o día 28/11/2019 (Expte. PLN/2019/18).-

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día 28 de novembro de 2019.



O Sr. Abal Varela Varela (Cambados Pode) matiza que no punto da orde do día relativo ao expediente 6056/2019 de Proposición do Grupo Municipal do P.P. relativa á piscina municipal de Cambados na súa intervención na que *“critica que a piscina se reabra o día 01.12.2019 e que se inicie o expediente de suministro de mobiliario o 10 de outubro de 2019 cando a alcaldesa marchou de vacacións”* hai un erro na data e debe dicir *“critica que a piscina se reabra o día 01.10.2019 e que se inicie o expediente de suministro de mobiliario o 10 de outubro de 2019 cando a alcaldesa marchou de vacacións”*

O Pleno, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación coa matización anterior.

## **2.- Expediente 167/2020. Toma de coñecemento do escrito de renuncia presentado por D<sup>a</sup> Carolina Aragunde Laya ao cargo de Concelleira.-**

O Sr. Secretario, de acordo co artigo 9 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro da lectura ao escrito de renuncia de D<sup>a</sup> Carolina Aragunde Laya (R.E.: 2020-E-RC-119, de 13.01.2020) que literalmente di,

*“Eu, Carolina Aragunde Laya con DNI 3\*48\*\*\*5s e con domicilio en \*\*\*\*\*, 12, 3B – Corvillón (Cambados).*

*Manifiesto que son concelleira no Concello de Cambados dende a miña toma de posesión o 15 de xuño de 2019, así como membro da Xunta de Goberno Local e quinta tenente de alcaldesa dende o 12 de novembro de 2019. Por motivos persoais renuncio á miña acta de Concelleira así como aos demais cargos asociados e Solicito que se dea conta deste feito ao Pleno do Concello, na seguinte sesión que se celebre e á Xunta Electoral para que se proceda ao nomeamento e toma de posesión da persoa que corresponda de acordo cos resultados electorais do pasado 26 de maio de 2019.”*

O Pleno toma coñecemento do escrito anterior.

## **3.- Expediente 137/2020. Toma de posesión de D<sup>a</sup> Milagros Martinez Piñeiro como Concelleira da Corporación Municipal de Cambados.-**

Consta comunicación da Xunta Electoral Central de 10/01/2020 na que se da traslado da credencial acreditativa da condición de electa a favor da candidata á que corresponde cubrir a vacante producida, D<sup>a</sup> Milagros Martínez Piñeiro.

Consta a declaración de actividades e de causas de posible incompatibilidade e de bens formulada pola interesada na Secretaría da Corporación.

D<sup>a</sup> Milagros Martinez Piñeiro xura o seu cargo a efectos da súa toma de posesión segundo o disposto no artigo 108 da Lei orgánica de réxime electoral xeneral baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979 do 5 de abril.

A continuación a Alcaldesa dálle a benvinda adquirindo a plena condición de Concelleira e incorporándose á sesión.



#### **4.- Expediente 5047/2019. Solicitud de resolución do contrato suscrito para a xestión indirecta do servizo de tratamento de residuos industriais na Plataforma Loxística Inversa do Polígono Industrial de Cambados.-**

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión de Obras e Servizos favorable, por tres (3) votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Somos Cambados e grupo mixto (Cambados Pode) e catro (4) abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e BNG.

O Sr Charlín Trigo (Somos Cambados) da conta dun trámite longo que xa ven desde que se construíu a nave e da súa xestión polo lpespo. Di que no ano 2015 solicitouse pola empresa a resolución do contrato por mutuo acordo que é desestimada polo Concello, previos os informes da Secretaría e da Intervención, tras detectarse que non se cumpriran as estipulacións do contrato por parte da concesionaria.

Con posterioridade, explica, iniciouse a vía xudicial na que o Concello viu referendada a súa postura polo contencioso-administrativo. Na vía de recurso o Tribunal Superior de Xustiza resolveu a necesidade de recabar o informe do Consello Consultivo de Galicia para a culminación do expediente. Recabado ese informe, o Consello Consultivo determina a innecesariedade de emitir informe a este respecto ao non concorrer a oposición do contratista, poñendo de manifesto o incumprimento dos investimentos por parte da empresa.

Por parte do Concello dítase Resolución da Alcaldía resolvendo novamente a desestimación do mutuo acordo que é impugnada polo contratista ao considerarse que o órgano competente para a súa Resolución é o Pleno Municipal, tendo en conta que a súa duración excede dos catro anos.

É por esta causa que procede a resolución do expediente por parte do Pleno, ao detectárense eses incumprimentos, co obxecto de recuperar este patrimonio para o Concello de Cambados.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di atoparse de acordo na proposta unha vez detectado o incumprimento culpable do contratista e a necesidade de desestimar a resolución por mutuo acordo.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que se amosan a favor da proposta e da tramitación administrativa seguida de acordo cos informes obrantes no expediente.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) manifesta que votarán a favor, de acordo co posicionamento seguido na época de goberno, considerando que parece a única solución administrativa posible.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que votarán a favor neste punto da orde do día que xa proviña da súa época como Alcalde. Di agradecer que a intervención do Sr. Charlín Trigo non criticase nesta ocasión ao Partido Popular, tal e como fixo en anteriores sesións plenarias.

Defende que se tratou dunha grande xestión do Partido Popular para Cambados que deu lugar a unha infraestructura de tres millóns de euros sufragada pola Deputación Provincial a través de fondos europeos aos que habería que engadir o custo dos



terreos, postos a disposición por parte do Concello.

Manifesta que a empresa ofertou 100.000 euros de canón anual que non abonou desde un primeiro momento.

Sinala que ao detectarse este incumprimento, e analizada a situación cos departamentos de Secretaría e Intervención, conclúíuse a necesariedade de reclamar pola vía executiva a débeda acumulada.

Afirma que o Concello ten en propiedade unha nave avaliada en tres millóns de euros; cun aval no seu favor por importe de 300.000 euros, que podería ser alugada a algunha empresa a través dun concurso público.

Sinala que no momento no que non hai mutuo acordo, e ante o precedente do fallo xudicial, non procede a resolución por mutuo acordo.

Conclúe defendendo a xestión do Partido Popular neste asunto.

A Sra. Alcaldesa manifesta o desacordo coa intervención do voceiro do Partido Popular ao considerar que tan só se está a quedar coa parte bonita do asunto.

Da conta da reclamación da empresa ao Concello por un importe de oito millóns de euros en concepto de lucro cesante.

Explica que a empresa foi adxudicataria tras haber quedado deserto o concurso convocado ao efecto e prometérselle, por parte da Deputación Provincial de Rafael Louzán, a xestión de todos os residuos da provincia de Pontevedra.

Manifesta que esta planta non tivo utilidade para nada e que non houbo actividade na mesma.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) di que a boa xestión maniféstase en que a nave leva pechada e sen uso desde 2011.

Denuncia a existencia de naves alugadas polo Partido Popular que non pagaban e defende que no actual mandato todas o fan. Agarda que a finais de mandato se poida utilizar a nave por parte do Concello de Cambados aínda que o pon en dúbida, de igual maneira que a posibilidade de cobramento do aval.

Engade que se vai tentar reclamar a empresa o que adebeda e agarda que se poida utilizar este patrimonio por parte da Administración Local no menor tempo posible.

A Sra. Alcaldesa da conta dos reparos da Intervención Municipal dando conta da necesariedade de reclamar as cantidades do canón. Engade que había outras naves que non pagaban tal e como acreditan os informes da Intervención e da Tesouraría que obran no expediente. Conclúe expoñendo que é responsabilidade do xestor público que se cobren as cantidades que se adebedan.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) manifesta que a alcaldesa amosa o mais absoluto descoñecemento da situación real ao manifestar que a nave carecía de funcionamento.



Defende que a nave si tivo funcionamento e almacenábase vidro e ordenadores e demais material no seu interior. Explica, ademáis, que se facía recollida de papel para reciclaxe. Da conta das circunstancias de crise que acompañaron nesa época. Insiste en que ahí queda un patrimonio importante para o Concello de Cambados e incide na boa xestión do Partido Popular.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da conta de diferente documentación obrante no expediente na que se fai referencia a diferentes reunións ás que asistiu o Sr. Aragunde e o Sr. Tourís. Afirmar que ata o ano 2014 non se efectuou reclamación algunha á empresa.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) rebate que desde primeiro ano a Interventora Municipal estivo reclamando esas cantidades.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) insiste en que a reclamación é do 2014 e que o volume de residuos limitouse ao 1,17 % do estimado. Conclúe agradecendo o apoio dos diferentes grupos políticos municipais.

O Sr. Gómez Blanco (PP) pregunta ao Sr. Charlín Trigo se no ano 2011 se atopaba á fronte da súa xestión e se se decata da modificación do estado das contas e das cousas no ano 2011 ata actualidade.

O O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) di non entender que se metan agora na súa vida profesional e o importante é recuperar este investimento para o Concello de Cambados

Sometido a votación Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

#### **ACORDO:**

“1.-Visto o escrito presentado por don José Perfecto Cabanelas Calvelo, en nome e representación da mercantil “UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS ESTÉVEZ CONTAINERS ORENSANOS S.L Y SOIL RECOVERY S.L”, con data de entrada no Rexistro Portelo único da Xunta de Galicia 3 de novembro do 2.014, NRE 1.289.522.315, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, 5 de novembro do 2.014, sobre: **“RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE, XESTIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E / OU URBANOS NA PLATAFORMA LOXÍSTICA INVERSA DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS”**.

2.-Visto o contido do informe emitido, conxuntamente, pola Secretaría e Intervención do Concello de Cambados, en data 27 de xaneiro do 2.015, que de seguido se pasa a transcribir de xeito literal:

#### **“INFORME DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN**

ASUNTO.-Contestación á solicitude formulada por D. José Perfecto Cabanelas Calvelo, en nome e representación da UTE ESTÉVEZ CONTAINERS ORENSANOS S.L. e SOIL RECOVERY S.L. de rescisión de mutuo acordo do contrato e de



reclamación de responsabilidade patrimonial.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril de 1985 (en adiante LBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2014, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL).
- Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por RD Legislativo 781/86, de 18 de abril.
- Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), vixente no momento da tramitación do expediente administrativo da concesión.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

#### ANTECEDENTES.-

- I. Con data 10/07/2007 o IPESPO e o Concello de Cambados subscribiron o Convenio para a construción e implantación dunha plataforma loxística inversa, no termo municipal de Cambados.
- II. A través de dito Convenio o Concello de Cambados encomendou ó IPESPO a realización das actividades necesarias para garantir a correcta implantación da plataforma loxística inversa, encargándose o IPESPO de tramitar o proceso de selección do adxudicatario con dereito a explotar a actividade. A duración de dita encomenda de xestión acordouse que fora de cinco anos dende a data de finalización das obras de edificación das instalacións que integran a plataforma loxística. Segundo Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra de data 19/12/2013, o Concello de Cambados subrogouse en tódolos dereitos e obrigas que correspondían ó antigo IPESPO.
- III. De conformidade co contrato asinado polo Presidente do IPESPO e a empresa adxudicataria UTE ESCOR S.L. e SOIL RECOVERY S.L. o 16/09/2010, o importe de adxudicación deste contrato ten unha inversión mínima inicial, por importe de 1.074.428,00 € (IVE excluído), unha inversión total de 3.271.611,72 € (engadida a variación do IPC) e un canon anual de 104.400 € (IVE engadido).
- IV. No que respecta á inversión inicial, na oferta presentada pola UTE (xúntase fotocopia), esta comprometeuse a realizar inversións por importe de 1.074.428 € (IVE excluído), nos seguintes termos:

*“A petición da Mesa de Contratación encargada da valoración das ofertas do citado concurso, a continuación lles confirmamos que a inversión inicial prevista para a Fase I ascende a 1.074.428 € (IVE excluído).”*

*Dita cantidade aparece recollida no apartado 2.2 “Estados de fluxos de caixa e estudo de viabilidade económica” do documento 2 Plan económico financeiro incluído no sobre C da oferta.*

***En calquera caso, e tal e como se indica na cláusula 2.1 do Prego de***



***Cláusulas administrativas do concurso de referencia, a inversión do primeiro ano de establecemento será superior a 810.219 € (IVE excluído), esto é, ó 80% do total indicado para a Fase I na Táboa 5 do Estudio de Viabilidade Económica, engadido na documentación do concurso”.***

V. Á data actual, a UTE non aboou ó Concello de Cambados cantidade algunha en concepto do canon anual establecido no contrato (foron recorridas as liquidacións emitidas, encontrándose a primeira delas en vía xudicial), nin tampouco realizou as inversións ofertadas.

VI. Con data de R.E. do Concello de Cambados do 05/11/2014 (entrada nº 2014/7641), D. José Perfecto Cabanelas Calvelo, en nome e representación da UTE ESTEVEZ CONTAINERS ORENSANOS S.L. e SOIL RECOVERY S.L. presenta escrito solicitando a rescisión de mutuo acordo do contrato e de reclamación de responsabilidade patrimonial fronte a este Concello.

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-**

**PRIMEIRA.-** Con data de R.E do Concello de Cambados do 20/05/2014 (nº 2014/2950) recibíuse do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra informe sobre si resultan acreditadas as desviacións económicas alegadas pola empresa adxudicataria da xestión da Plataforma Loxística Inversa do Polígono Industrial Sete Pías e si está acreditado que devandita empresa levou a cabo as inversións iniciais ofertadas.

De dito informe poden extraerse as seguintes consideracións:

(.....)

“**Terceiro.** Son dúas as cuestións fundamentais que se plantexan na consulta formulada polo Concello de Cambados:

- a. Si se poden considerar debidamente xustificadas as desviacións económicas alegadas pola empresa e, no seu caso, cal sería o canon a liquidarlle.
- b. Se queda acreditado a execución da inversión inicial ofertada.

Respecto desta última cuestión sinalar que a oferta da UTE ESCOR-SOIL lle obrigaba a facer unha inversión inicial na Plataforma Loxística por valor de 810.219,00 € (IVE excluído); sen embargo, a propia empresa adxudicataria recoñece que a inversión realizada na Plataforma ascendeu a 128.800,00 euros segundo o seguinte detalle:

<b>EQUIPOS</b>	<b>UNIDADES</b>	<b>VALORACIÓN</b>	<b>COSTE</b>
Pala cargadora	1	20.000 €	20.000 €
Microplanta compactadora	2	23.000 €	46.000 €
Contenedor caja abierta 25 m <sup>3</sup>	2	3.550 €	7.100 €



Contenedor caja abierta 10 m <sup>3</sup>	2	2.350 €	4.700 €
Prensa multiproducto	1	48.000 €	48.000 €
Mobiliario oficina y equipo informático	1	3.000 €	3.000 €
			<b>128.800 €</b>

Non obstante ó anterior, neste punto é preciso traer a colación o informe emitido o 14 de maio de 2014 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Urbanismo que sinala o seguinte:

*“Segundo informa a Técnico de Medio Ambiente e á vista da documentación aportada pola empresa UTE ESCOR-SOIL, **cabe informar que ésta non realizou os investimentos previstos no prego de condicións por valor de 810.219,00 € (IVE excluído), nin tampouco quedan acreditados os investimentos polo importe de 128.800,00 € que sinala nos seus escritos, xa que nas contas anuais non figura contabilizado ningún inmovilizado material no seu Balance. Polo tanto, coa documentación adxunta, a empresa non acredita a realización de ningún investimento, debendo presentar para iso os respectivos contratos de compra e as correspondentes facturas acreditando o seu pago**”*

**É dicir, que o informe do Interventor do Polígono pon de manifesto que nin tan sequera a inversión de 128.800,00 euros (que a empresa afirma que fixo) aparece acreditada de forma fehaciente no expediente, ausencia de inversión que suporía o incumprimento dunha obriga esencial do contrato e que podería dar lugar á súa resolución anticipada.**

Neste sentido lembrar que a potestade resolutoria conferida á Administración en relación cos contratos sometidos ao Dereito administrativo se enmarca dentro do ámbito das denominadas prerrogativas previstas na normativa contractual, concibidas pola doutrina como privilexios ou facultades exorbitantes, cuxo exercicio non se produce de xeito automático senón só cando o esixa o interese público implícito en cada relación contractual, fundándose así no servizo obxectivo aos intereses xerais que o artigo 103 da Constitución proclama da actuación administrativa.

O sentido e funcionalidade da resolución contractual encontra cobertura legal no Dereito común de obrigas e contratos, en tanto que, como sinalou o Tribunal Supremo na súa Sentenza do 17 de marzo de 1989 *“os contratos administrativos non son senón unha figura especial, con modulacions características impostas pola súa vinculación ao cumprimento dos intereses públicos da institución contractual, séndolles de aplicación en definitiva, salvando esas peculiaridades e características, as normas e principios da dogmática do negocio xurídico, entre os que se encontra a figura da resolución contractual para o caso do seu incumprimento, nas obrigas recíprocas (artigo 1.124 do Código Civil e preceptos concordantes e a institución do*





*resarcimiento de danos e prexuízos a favor do acredor, que non é senón unha manifestación do principio do Dereito de obrigas de que o debedor debe reparar as consecuencias nocivas producidas por causa do seu incumprimento culpable (artigo 1.101 do Código Civil ...)".*

O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público contempla, nos seus artigos 223 a 225, unha regulación xeral das causas polas que pode operar a prerrogativa resolutoria, establecendo outra específica para cada tipo de contratos, recolléndose en concreto a aplicable ao contrato de xestión de servizos públicos nos artigos 286 a 288.

Por outra banda ha de sinalarse que só os incumprimentos de obrigas contractuais esenciais poden ser xeradores do lexítimo exercicio da potestade de resolución dos devanditos contratos e, iso, cando sexa esta opción a que máis convén ao interese público en liza.

Para a determinación da transcendencia dos diversos incumprimentos que se produzan, o Tribunal Supremo manifestou reiteradamente (Sentenzas do 16 de outubro de 1984, do 9 de outubro de 1987, do 23 de novembro de 1988, entre moitas outras) que ha de poñerse en cada caso atención ás circunstancias concorrentes, co fin de dilucidar si se está ante un verdadeiro e efectivo incumprimento das obrigas contractuais, revelador dunha vontade clara de non atender, dolosa o culposamente, os compromisos contraídos ou, pola contra, máis ben ante un mero atraso, desfase ou desaxuste en modo algún expresivo daquela vontade e, en definitiva, dun efectivo incumprimento da esencia dunha obriga.

Polo tanto, neste ámbito non toda irregularidade pode levar consigo a habilitación á Administración Pública para que exercite a súa potestade resolutoria, senón só aqueles supostos nos que o servizo deixa de prestarse ou préstase en condicións tales que se lesiona o interese público que se pretende satisfacer.

Así mesmo, para que proceda a resolución debe engadirse un último requisito que vén sendo esixido pola doutrina xurisprudencial (Sentenzas do Tribunal Supremo 14 de xuño de 2002, 14 de decembro de 2001, 1 de outubro de 1999,) e é que, para que quede lexitimada tan drástica consecuencia, o incumprimento ha de ser relevante, no sentido de que afecte á prestación.

Sentado ó anterior, é preciso agora analizar as desviacións económicas alegadas pola empresa e, no seu caso, cal sería o canon a liquidar polo Concello de Cambados de acordo co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares. Neste aspecto o Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Urbanismo, no seu informe de data 14 de maio de 2014, informa ó respecto o seguinte:

***"....Na actividade económica acadada respecto do proxecto de explotación previsto na adxudicación, de acordo coa información subministrada pola adxudicataria, prodúcense e acredítanse unhas desviacións do 99,1% no exercicio 2011, e do 96,02% no 2012 (en base as previsión ata xuño de 2012). Nembargantes, a crise económica sufrida estes anos non parece que sexa o***



**único factor a ter en conta á hora de xustificar estas desviacións na actividade dunha empresa amplamente coñecedora do sector e da actividade, xa que logo non se realizaron os investimentos previstos e a planta, o longo dos exercicios 2010 a 2014, mantíña un único traballador; sendo os cifras de negocio que figuran nas contas anuais: 8.780 € para o exercicio 2011, 96.189,71 € para o 2012 e de 179.181€ para o exercicio 2013. Estas magnitudes reflicten que a empresa nestes exercicios desenvolve a actividade de forma totalmente diferente d prevista na súa proposta de adxudicación, motivando en gran medida parte das desviacións”.**

(.....)”

**SEGUNDA.-**Do exposto no informe emitido pola Deputación de Pontevedra, extraese que a concesionaria non realizou os investimentos previstos no prego de condicións, por valor de 810.219,00 € (IVE excluído) e que debían ser realizados no primeiro ano de establecemento, de que se trata dunha empresa amplamente coñecedora do sector e da actividade, que ó longo dos exercicios 2010 a 2014, mantivo un único traballador, e que polo tanto, a empresa nestes exercicios desenvolveu a actividade de forma totalmente diferente á prevista na súa proposta de adxudicación, motivando en gran medida parte das desviacións producidas.

**TERCEIRA.-**O artigo 206 da LCSP, en relación co artigo 262, refire como causa de resolución o incumprimento das obrigas contractuais esenciais.

Efectivamente, o contido da oferta da adxudicataria vincula a aquela pasando a formar parte do contido obrigacional do contrato administrativo, polo que o contratista ten a obriga de realizar as inversións propostas no servizo, nos termos recollidos no plan que ela mesma presentou.

**A entidade das inversións ofertadas, tanto dende o punto de vista cualitativo como cuantitativo, e a súa especial conexión co obxecto do contrato, permiten cualificar o cumprimento do plan de inversións como unha obriga esencial, obriga cuxo incumprimento habilita legalmente á resolución contractual.**

Polo tanto, nos encontramos ante un suposto de resolución por incumprimento culpable do concesionario.

**CONCLUSIÓN.-** Polas razóns sinaladas no presente informe, procede desestimar:

1) A solicitude de que o Concello de Cambados acorde a rescisión de mutuo acordo do contrato suscrito entre a UTE ESCOR-SOIL e o IPESPO en data 16/09/2010, xa que so podería ser por mutuo acordo cando non exista previa causa de resolución imputable ó contratista.

2) Consecuentemente co anterior, a reclamación de responsabilidade patrimonial fronte a este Concello.

3.-Visto o contido do fallo, desestimatorio, da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número Un de Pontevedra, en data 11 de abril do 2.016,



en autos de Procedemento Ordinario Número 84/2.015, seguido a instancias da mercantil “UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS ESTÉVEZ Y CONTAINER ORENSANOS, S.L., SOIL RECOVERY, S.L.”, en calidade de demandante, fronte ao Concello de Cambados, en calidade de demandado, sobre a desestimación da solicitude de resolución contractual de mutuo acordo. Fallo revocado, parcialmente pola sentenza ditada pola Sección Segunda, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en autos de Recurso de Apelación Número 4.260/2.016, seguido a instancias da mercantil “UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS ESTÉVEZ Y CONTAINER ORENSANOS, S.L., SOIL RECOVERY, S.L.”, en calidade de apelante, contra o Concello de Cambados, en calidade de apelado, en cuxa virtude, logo de revocar a sentenza ditada polo Xulgado do Cotnecioso Administrativo Número un de Pontevedra, á que se fixo mención con anterioridade, acordouse a retroacción procedimental a fin de que por parte do Consello Consultivo de Galicia se emitira o informe pertinente.

4.-Visto o contido do DITAME CCG 390/2.019, emitido pola Consello Consultivo de Galicia, en data 30 de outubro do 2.019, cuxa parte final e conclusión, de seguido se pasa a transcribir de xeito literal:

“(…), Resulta así que, ao referirse a unha petición de resolución contractual por mutuo acordo solicitada pola empresa e sen que conste ningunha actuación do Concello ante os “incumprimentos culpables” da entidade concesionaria que refire na resolución municipal do 27.1.2015, e que xustificaría, no seu caso, a intervención deste órgano consultivo, se considera que de terse remitido no seu momento daría lugar á inadmisión da solicitude de ditame, mais neste intre procedimental, á vista das actuacións realizadas, procede emitir informe desfavorable sobre a proposta de resolución remitida.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

**Que informa desfavorablemente a proposta de resolución do contrato á que o presente expediente se refire, nos termos sinalados neste ditame”.**

5.-Visto o contido do Decreto de Alcaldía Número 1.467, de data 3 de decembro do 2.019; o recurso de reposición formulado por don Pedro Lucio Muriel Velasco, a medio de escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, en data 3 de xaneiro do 2.020, contra o citado decreto; o informe emitido pola Asesoría Xurídica, en data 16 de xaneiro do 2.020; así como o Decreto da Alcaldía estimando o recurso de reposición ao que se fixo mención con anterioridade.

Polo exposto e no exercicio das competencias atribuídas na lexislación vixente, en particular, Disposición Adicional Segunda da LCSP, en relación co artigo 194 do mesmo texto legal, o **PLENO DO CONCELLO DE CAMBADOS**, adopta o seguinte

**ACORDO:**



**PRIMEIRO.\_ DESESTIMAR a solicitude de RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE, XESTIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E / OU URBANOS NA PLATAFORMA LOXÍSTICA INVERSA DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS, SUBSCRITO ENTRE A MERCANTIL E O IPESPO EN DATA 16 DE SETEMBRO DO 2.010, formulada por don José Perfecto Cabanelas Calvelo, en nome e representación da mercantil "UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS ESTÉVEZ CONTAINERS ORENSANOS S.L Y SOIL RECOVERY S.L", con data de entrada no Rexistro Portelo único da Xunta de Galicia 3 de novembro do 2.014, NRE 1.289.522.315, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, 5 de novembro do 2.014.**

**SEGUNDO.\_ INICIAR EXPEDIENTE SOBRE RESOLUCION, POR INCUMPRIMENTO CULPABLE DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS E DEMORA NO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE, XESTIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E / OU URBANOS NA PLATAFORMA LOXÍSTICA INVERSA DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS, SUBSCRITO ENTRE A MERCANTIL E O IPESPO EN DATA 16 DE SETEMBRO DO 2.010.**

**TERCEIRO.\_ FACULTAR A ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMBADOS, tan amplamente como en dereito sexa posible, para o cumprimento do presente acordo, e, en xeral para levar a cabo calquera actuación relacionada co mesmo ata a resolución definitiva por parte do Pleno Municipal.**

**CUARTO.\_ Notificar o presente acordo aos interesados, con expresa indicación dos recursos que proceden contra o mesmo."**

#### **5.- Expediente 47/2020. Moción de CAMBADOS PODE sobre mellora da seguridade cidadá debido ao incremento dos niveis de inseguridade na zona de "A Pedreira".-**

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Terceira Idade, Seguridade Cidadá e Mobilidade, por tres (3) votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Somos Cambados e grupo mixto (Cambados Pode) e catro (4) abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e BNG que di,

#### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

*A seguridade é un principio básico da convivencia entre cidadáns. No mes de novembro do ano 2018 Cambados sufriu unha oleada de roubos en vivendas, bares, comercios, coches e instalacións municipais. En aquel entonces a Subdelegada do Goberno en Pontevedra afirmaba nos medios de comunicación que Cambados era un lugar seguro e que as taxas de infraccións penitenciarias na localidade mantíñanse estables dende o ano 2015. Sen embargo a situación que están a padecer os veciños da urbanización de A Pedreira (parroquia de Vilariño) neste últimos meses fai disparar tódalas alarmas xa que producíronse varios intentos de roubo nun corto espazo de tempo na zona dos novos chalés da urbanización en horario comprendido entre as 6 da tarde a as 9.30 da noite. Intentos executados*



*presuntamente por bandas profesionais segundo as testemuñas, xa que as entradas prodúcense sen causar danos ás vivendas. Na maioría dos casos revolven todo e intentan buscar elementos valiosos como xoias, diñeiro en efectivos, etc.*

*Así mesmo tamén temos constancia da existencia de carteristas na Zona de A Praza de Abastos e roubos con arma en tendas do casco urbano de Cambados.*

*A seguridade cidadá é, non só un dereito, senón tamén unha condición indispensable para o exercicio da liberdade por parte dos cidadáns, residan onde residan e sexa cal sexa a súa capacidade económica. Para garantir este dereito é preciso adoptar medidas tanto na prevención da delincuencia e redución da marxinalidade así como a correcta e adecuada coordinación da Policía Local de Cambados coas Forzas e Corps de Seguridade do Estado presentes no territorio do municipio.*

*No caso concreto que estamos tratando, os veciños vítimas destes atracos presentaron a correspondente denuncia no cuartel da Garda Civil, que está a investigar os casos.*

*Ante esta realidade e antes de que a situación empeore é necesario adoptar por parte do Concello de Cambados medidas urxentes encamiñadas a recuperar a seguridade e tranquilidade dos veciños afectados na zona de A Pedreira e tamén noutros lugares do termo municipal de Cambados.*

**O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:**

*1º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a que proceda a reforzar a iluminación do vial de acceso aos novos chalés da urbanización A Pedreira mediante a instalación de puntos de luz nas zonas de sombras e tamén proxectores de alta potencia na entrada e saída do mencionado vial. Estudar e valorar a posibilidade de instalar unha nova liña de alumado na corredeira que vai por detrás dos chalés si legalmente é posible.*

*2º.- Instar á Alcalesa e ao grupo de goberno a reforzar o persoal da Policía Local de Cambados mediante a contratación de 8 auxiliares de policía a través da Axencia Galega de Seguridade Pública en dous grupos de 4 membros (o dobre do habitual) por un período de 6 meses de tal xeito que se cubra con este reforzo todo o 2020 e incrementese a presenza das patrullas da Policía Local na zona de A Pedreira e tamén no resto do municipio como medida disuasoria para a prevención de delitos e potenciación da seguridade cidadá.*

*3º.- Instar á Delegación do Goberno na Comunidade Galega a dotar de máis efectivos o cuartel da Garda Civil de Cambados e incrementar a presenza de patrullas deste corpor en todo o termo municipal de Cambados en especial na zona obxecto da moción no lugar de A Pedreira como medida disuasoria ante os últimos acontecementos.*

*4º.- Instar á Alcaldesa de Cambados a convocar a Xunta Local de Seguridade con presenza dos protavoces dos grupos municipais políticos con representación no Pleno cunha periodicidade trimestral para intensificar a coordinación entre as forzas e corpos de seguridade.*

*5º.- Instar á Alcaldesa de Cambados e ao grupo de goberno a revisar todo o alumbrado público para evitar focos de inseguridade.*

*6º.- Instar á Alcaldesa de Cambados e ao grupo de goberno a utilizar as novas ferramentas dispoñibles para a prevención de delitos e identificación de persoas e vehículos. Concretamente neste punto solicítase a instalación de cámaras de seguridade nos principais accesos a Cambados.*

*7º.- Instar á Alcaldesa de Cambados e ao grupo de goberno a tramitar os correspondentes expedientes de limpeza de fincas na parte de atrás dos novos chalés de A Pedreira.*

*8º.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o*



*acordo desta moción ao Ministerio do Interior, á Delegación do Goberno en Galicia, á Policía Local de Cambados, Garda Civil, así como aos seus lexítimos representantes sindicais. Tamén notifíquese este acordo a tódolos veciños residentes na Urbanización "A Pedreira" da parroquia de Vilariño."*

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) da conta do incremento de casos de roubos no Concello de Cambados a finais do ano 2019 e de diversos allanamentos de morada na localidade.

Fai un repaso aos diferentes propostas que plantea a moción:

- Mellora de iluminación
- Reforzo na contratación de auxiliares da Policía Local
- Máis efectivos o cuartel da Garda Civil de Cambados
- Convocatoria da Xunta Local de Seguridade e presenza dos diferentes grupos con representación municipal.
- Revisión de todo o alumeadado público.
- Instalación de cámaras de seguridade nas principais entradas a Cambados.

En canto ás limpezas parece que algo se fixo nestas últimas datas.

Solicita que se dea traslado da moción a todos os organismos e interesados que se citan no seu texto.

Apunta a que é coñecedor de que o Concelleiro de Seguridade mantivo unha xuntanza cos veciños o pasado 13.01.2020 pero lamenta o retraso acumulado cando a denuncia xa se presentara no Concello o 23.12.2019. Engade que a cita solicitada ao Concelleiro de obras data do 18.12.2019 e se lle da cita o 07.01.2020.

Critica, igualmente, que o Concelleiro de seguridade non se reunira antes porque, segundo as súas palabras, *"había que agardar a que pasasen as festas"* e incide en que se adopten as medidas propostas na moción.

A Sra. Alcaldesa fai alusión a que en todos os puntos da moción faise alusión á *"alcaldesa de Cambados e ao grupo de goberno"*.

Explica que a Xunta Local de Seguridade ten os membros tasados e non se pode convocar a quen queira, sen unha periodicidade establecida.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) remítese ao Regulamento das Xuntas Locais de Seguridade.

(Prodúcese unha discrepancia entre o Sr. Abal Varela e a Sra. Alcaldesa en relación aos compoñentes da Xunta Local de Seguridade).

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) adianta o seu apoio á moción presentada e a necesariedade de apoiar aos veciños por uns feitos que, considera, graves.



Considera que se trata dun problema puntual aínda que cando a alguén lle toca lle afecta gravemente.

Opina que lle parece un tanto esaxerada a exposición de motivos da moción que parece identificar a Cambados como unha “cidade sen Lei”. Apoia os puntos un a catro que afectan ao problema en sí pero si matiza que non debemos meterse en cuestións técnicas.

A Sra. Alcaldesa interésase pola necesariedade de interpelar aos representantes sindicais.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) apoia a filosofía da moción de mellorar a seguridade en Cambados intensificando a vixilancia nesa zona ante a inseguridade existente.

Defende que a seguridade sempre foi unha prioridade para o Partido Popular con servizo vintecatro horas e polas noites. Manifesta que quen eliminou o servizo nocturno da Policía Local foi a alcaldesa; que foi quen traeu a un Xefe da Policía Local que nin estaba nin se lle esperaba.

Critica que a alcaldesa, con adicación exclusiva, non atendera aos veciños desta zona e que non se enviara unha patrulla para tranquilizar aos veciños cando era o principal problema neste momento.

A Sra. Alcaldesa di que non é certo que non se fixese algo cando o Concello falou ca Garda Civil que foi a institución que recibiu as denuncias.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixo – Cambados Pode) critica que non se atenda aos veciños.

A Sra. Alcaldesa continúa coa súa alocución e solicita ao Sr. Abal Varela que non lle interrompa o seu turno de palabra e, ao abeiro do artigo 95 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, chámalo á orde por primeira vez.

Con posterioridade á Sra Alcaldesa, continuando o Sr. Abal Varela coa súa intervención, chámalle a orde por segunda vez con advertencia de expulsión ante unha nova chamada.

Finalmente, e ante a insistencia do Sr. Abal Varela no uso da palabra, a Sra. Alcaldesa chámalo a orde por terceira vez e orde a súa expulsión do Pleno cando son as 22:05 horas.

(A Sra. Alcaldesa suspende a celebración da sesión por un período de cinco minutos).

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) adianta o voto a favor do seu grupo á moción e reclama formas e respecto á institución no curso dos debates da sesión.

Di que os datos da Garda Civil e da Policía Local din que o Concello de Cambados é un dos mais seguros da provincia, independentemente da desgraciada situación da Pedreira.



Di que o pasado 23 de decembro, tras o escrito dos veciños, produciuse unha reunión coa Garda Civil por estes feitos, en canto órgano competente para o seu coñecemento.

Sinala que, paralelamente a Policía Local inicia tarefas de vixianza na zona no marco das súas competencias.

De igual maneira, informa, convócase aos veciños para a celebración dunha reunión cos veciños que se leva a cabo o pasado 13 de xaneiro.

Da conta, igualmente, das medidas adoptadas en relación á iluminación, contratación de auxiliares de axuda no fogar; cámaras de seguridade e comunicacións a propietarios de fincas.

Nega a deixadez de funcións e alude as competencias da Garda Civil neste asunto.

Agarda que coa adopción destas medidas a seguridade na zona mellore.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di amosar o apoio á moción e a solidariedade cos veciños. Manifestar a súa mágoa por convertir un tema de consenso nun "show" do Sr. Abal e se verdadeiramente quería adoptar estas medidas unicamente tería que haber aprobado esta moción.

Da conta das medidas adoptadas para mellorar a situación.

Afirma que, aínda que non ten adicación recoñecida, ninguén ten que agardar tres semanas por unha cita e xustifica a súa ausencia en datas de Nadal pola hospitalización e falecemento da súa avóa algo que, entende, constitúe unha causa xustificada.

Conclúe dicindo que o que busca o Sr. Abal Varela é protagonismo e polémica.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) ratifícase en que o Sr. Abal Varela coñecía o consenso da Corporación neste asunto.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di a necesidade de trasladar unha imaxe de unidade da Corporación aínda que bota en falta unha maior celeridade na xestión desta situación.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) engade a necesidade de analizar a xestión das cámaras pola normativa de protección de datos. Di sentirse convencido de que se tiña que haberse resolto con anterioridade.

A Sra. Alcadesa fai fincapé na problemática existente analizada no relativo ás Xuntas Locais de Seguridade e de das notificacións que plantea o acordo.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di non parecerlle de recibo modificar a moción cando non está presente o grupo que a presentou.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, adopta o seguinte,





## ACORDO:

1º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a que proceda a reforzar a iluminación do vial de acceso aos novos chalés da urbanización A Pedreira mediante a instalación de puntos de luz nas zonas de sombras e tamén proxectores de alta potencia na entrada e saída do mencionado vial. Estudar e valorar a posibilidade de instalar unha nova liña de alumado na corredeira que vai por detrás dos chalés si legalmente é posible.

2º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno a reforzar o persoal da Policía Local de Cambados mediante a contratación de 8 auxiliares de policía a través da Axencia Galega de Seguridade Pública en dous grupos de 4 membros (o dobre do habitual) por un período de 6 meses de tal xeito que se cubra con este reforzo todo o 2020 e incrementese a presenza das patrullas da Policía Local na zona de A Pedreira e tamén no resto do municipio como medida disuasoria para a prevención de delitos e potenciación da seguridade cidadá.

3º.- Instar á Delegación do Goberno na Comunidade Galega a dotar de máis efectivos o cuartel da Garda Civil de Cambados e incrementar a presenza de patrullas deste corpor en todo o termo municipal de Cambados en especial na zona obxecto da moción no lugar de A Pedreira como medida disuasoria ante os últimos acontecementos.

4º.- Instar á Alcaldesa de Cambados a convocar a Xunta Local de Seguridade con presenza dos protavoces dos grupos municipais políticos con representación no Pleno cunha periodicidade trimestral para intensificar a coordinación entre as forzas e corpos de seguridade.

5º.- Instar á Alcaldesa de Cambados e ao grupo de goberno a revisar todo o alumbrado público para evitar focos de inseguridade.

6º.- Instar á Alcaldesa de Cambados e ao grupo de goberno a utilizar as novas ferramentas dispoñibles para a prevención de delitos e identificación de persoas e vehículos. Concretamente neste punto solicítase a instalación de cámaras de seguridade nos principais accesos a Cambados.

7º.- Instar á Alcaldesa de Cambados e ao grupo de goberno a tramitar os correspondentes expedientes de limpeza de fincas na parte de atrás dos novos chalés de A Pedreira.

8º.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción ao Ministerio do Interior, á Delegación do Goberno en Galicia, á Policía Local de Cambados, Garda Civil, así como aos seus lexítimos representantes sindicais. Tamén notifíquese este acordo a tódolos veciños residentes na Urbanización "A Pedreira" da parroquia de Vilariño."

## 6.- Expediente 48/2020. Moción do P.P. efectuando propostas para mellora do comercio e hostelería de Cambados.-

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión de Obras e Servizos, por catro (4) votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e grupo mixto (Cambados Pode) e tres (3) abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG:

"O Partido Popular de Cambados despois de reunirse con gran parte dos comerciantes de Cambados, ten que facer unha valoración moi preocupante da situación que está a vivir o comercio neste municipio, nos comunican que o



*momento é especialmente delicado, por iso están a pechar moitos dos negocios e os que sobreviven é a costa de moito sacrificio, por iso, propoñemos unha serie de accións para desenvolver neste concello a revitalización do comercio e da hostalaría.*

*Foron moitos os pequenos e medianos empresarios de Cambados aos que consultamos e a meirande parte coincide nas mesmas críticas hacia o goberno municipal, as queixas repítense nas diferentes zonas comerciais de Cambados. Por tal motivo, plantexadas as propostas que diseñamos dende o Partido Popular de Cambados, todos os entrevistados coinciden e amosan o seu apoio a estas accións:*

*1- Proposta de creación de mais prazas de aparcamento, o sector do comercio quixase de que non se crearon, nos últimos anos, novas prazas de aparcamento realmente útiles para favorecer ao comercio, o último aparcamento útil creouse na avda do Salnés ou variante de Fefiñáns, na esquina do cruce da Terra Santa con avda do Salnés, creada na lexislatura 2011-15. Necesitamos máis zoas de aparcamento no centro, hacia o campo verde, na lexislatura 2015-2019, foi a lexislatura que menor número de prazas de aparcamento se crearon en Cambados. Na zoa do Campo Verde, se debería xestionar con algún propietario dunha parcela que teña capacidade para estacionar un número importante de vehículos, a última adquisición en Rúa Nova, non soluciona o problema actual.*

*2- Proposta de creación da zoa azul para aparcamento, os comerciantes de Cambados están totalmente dacordo coa creación dun novo regulamento municipal para coordinar a creación de “zoa azul”, poñendo a disposición prazas de aparcamento no centro do casco urbano, por ser o lugar de maior dificultade para acceder a unha praza de aparcamento gratuita e céntrica, ao longo da xornada de apertura dos comercios. Trataríase de converter prazas de aparcamento nos lugares mais accesibles e cercanos ao comercio, noi centro de cambados e propoñer esas prazas para que se permita aparcar gratuítamente perante unha hora, de gal xeito que poidan rotar o maior número de vehículos nunha mesma praza de aparcamento ao longo do día. Evidentemente este medida non tería sentido, se non está acompañada dun regulamento e mecanismos de control.*

*As zoas propostas serían:*

- prazas existentes a día de hoxe diante da oficina de La Caixa, cruce de Avda de Galicia coa entrada a Curros Enríquez (Rúa Aseo). 3 prazas, 1 de minusválidos.*
- prazas existentes na Avda. de Galicia, dende a Cofradía ata Abanca. 7 prazas.*
- prazas existentes en Travesía do Muelle, 2 prazas.*
- prazas existentes lateral igrexa parroquial Sta. Mariña. 3 prazas*
- prazas existentes en Rúa Nova. 3 prazas.*
- prazas existentes en Rúa Lugo. 3 prazas.*

*Ademáis, se debería xestionar con Portos de Galicia a posibilidade de incorporar outras 20 prazas na zona de competencia de Portos. Primeiras prazas da estrada do paseo da calzada, primeiras prazas do paseo marítimo hacia o concello, por exemplo.*

*3- Proposta de mellora da iluminación de rúas, debido a escasa iluminación que existe actualmente en moitas rúas comerciais.*

*4- Proposta de mellora da limpeza viaria, entendemos necesario intensificar e mellorar a limpeza viaria e a recollida diaria de contenedores, así coma a limpeza dos propios contenedores.*

*5- Proposta para realizar dende o concello mais campañas de promoción do comercio e hostalaría cambadesa. Realizar campañas nos medios de comunicación é unha acción que se debería realizar no concello e que Cambados se convirta no referente da comarca novamente.*



6- *Proposta para realizar festas e actividades para cativos e maiores ao longo do ano, de tal xeito que se incentiven as actividades no municipio como medida de apoio ao comercio e hostalaría. Concertos, colchonetas para cativos, degustacións, concursos, etc..*

7- *Proposta para arranxar as deficiencias creadas recentemente na Rúa Pontevedra e Rúa Ourense coa execución das obras do Plan Concellos 2017. Os comerciantes destas rúas están molestos co resultado destas obras, deido a que entra auga da choiva nos seus negocios e as aceras son ríos de auga cando chove.*

8- *Proposta de creación de mais zoas de carga e descarga para servizo dos comercios e restauración.*

9- *Proposta de axilización dos trámites administrativos para a concesión de licenzas de obra e apertura de actividade, cos mecanismos de control máis flexibles.*

10- *Proposta de rebaixas nas taxas de basura do comercio e hostalería e rebaixa nas taxas ás terrazas.*

*Estas son propostas consensuadas con gran número de comerciantes e hostaleiros de Cambados e por iso,*

*Instamos ao pleno da corporación municipal para que se acorde, en sesión plenaria, a execución e posta en funcionamento destas oito propostas á maior brevidade posible, con independencia de que se poidan incluír ou executar outras que tamén sexan beneficiosas para o comercio e hostalería de Cambados.”*

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) da conta das conversas mantidas cos comerciantes e da difícil situación do comercio local que lle ven de trasladar o colectivo.

Con posterioridade procede á análise dos diferentes puntos da moción:

-Proposta de creación de mais prazas de aparcamento. Declara que Cambados non lle comeu terreo ao mar, algo que constitúe un orgullo, pero que xenera problemas de aparcamento que outros lugares non teñen.

-Proposta de zona azul que terá que ser estudiada polos técnicos e consensuada cos comerciantes. Propoñemos que sexa gratuíta co sistema de discos e acompañada dun sistema de control. Apunta a que hai prazas que se ocupan toda a mañán e que con este sistema poden ser rotatorias.

-Mellora de iluminación nas rúas, sobre todo no inverno.

-Melloras de limpeza viaria.

-Proposta de festas para os cativos e maiores.

-Arranxo de deficiencias na rúa Ourense e Pontevedra.

-Incremento de zonas de carga e descarga.

-Proposta de axilización de licenzas de obra e de actividade. Apunta á inseguridade xurídica que dan as comunicacións previas. Afirmo que se estaba e se está a tardar moito en resolver estes trámites no departamento de urbanismo e de obras.

-Proposta de rebaixas nas taxas de basura do comercio e hostalería e rebaixa nas taxas ás terrazas.



Matiza que son propostas consensuadas cos comerciantes e da conta da importancia do comercio na vila ante a multiplicidade de ameazas que existen para o sector.

Afirma que están a pechar multitude de negocios na vila e da conta do decaemento da vida nocturna.

O Sr. Caamaño Rivas di botar en falta o título da moción. Di que non se aborda na moción a problemática dos grandes centros comerciais e as grandes plataformas comerciais por internet.

Opina que a zona azul tampouco soluciona estes problemas.

Di que a iluminación si presenta algunhas deficiencias; si considera que a limpeza viaria debe ser unha prioridade; amósase de acordo coas campañas de dinamización e da conta das que se fixeron na etapa do cuatripartito e si considera que se deben ampliar as zonas de carga e descarga; axilizar os trámites administrativos e as melloras nas rúas Ourense e Pontevedra.

A *“proposta de rebaixas nas taxas de basura do comercio e hostalería”* considera que debe substituírse pola súa actualización tendo en conta un estudo técnico e que as políticas públicas desenvólvense coa recadación de impostos.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) manifesta que o apoio ao comercio local debe plantearse desde o asociacionismo para facer fronte ás multinacionais de venda “on line”.

Afirma que manteñen unha reunión fluída coa asociación de comerciantes dotándolles dun local e apoio. Di botar en falta na moción as referencias a Asociación de comerciantes zona centro. Da conta da participación dos grupos políticos nas Mesas locais de comercio e das xuntanzas co sector poñendo por exemplo a ordenanza do mercado.

Explica que o Concello está a elaborar na actualidade o Plan de mobilidade urbana sustentable que non o había no Concello de Cambados que está a sendo estudado polos técnicos para a adopción das medidas que se consideren necesarias.

En canto á iluminación das rúas da conta dos proxectos da Idae; na recollida do lixo afirma que se está a traballar na mellora deste servizo; da conta das campañas de dinamización levadas a cabo en coordinación coa Asociación Zona Centro.

Apunta a que as deficiencias nas obras rúas Ourense e Pontevedra deberán ser analizadas polos técnicos e, de ser o caso, executar o aval correspondente.

En relación á axilización dos trámites administrativos di que no anterior mandato explica que houbo algún retraso no anterior mandato que na actualidade se está tentando axilizar a tramitación e convocar un maior número de sesións da Comisión Municipal de Patrimonio

Explica que existe unha ralentización deste trámites tendo en conta a intervención de autorizacións patrimoniais que pretenden preservar o conxunto histórico-artístico.



En canto a rebaixa de taxas di que si existe a posibilidade de rebaixa da recollida de lixo cando exista un contrato e manifesta a posibilidade de actualizar as taxas que son as mesmas desde o 2012. Da conta da rebaixa operada nas taxas da hostalaría.

Di non estar en desacordo coas propostas presentadas pero considera que deben ser consensuadas co colectivo dos comerciantes.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que se debería aprobar a proposta por parte do goberno a expensas de adopción das medidas e manifesta que non existe inconvinte en modificala de acordo coa aportación do BNG.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) apunta a que se propoñen dez medidas e se solicita a aprobación de oito.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que se trata dun erro e de que se solicita a aprobación das dez.

A Sra. Alcaldesa matiza que a moción saíría adiante coa abstención do goberno.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) manifesta que en maior medida todas estas son propostas a adoptar ao longo do mandato.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que ao goberno lle custa moito votar a favor de propostas do Partido Popular.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) da conta das xuntanzas mantidas co sector para a elaboración do PMUS e nas que se analizará a plasmación destas medidas.

Sometido a votación a toma en consideración da emenda presentada polo grupo municipal do BNG pola que se substituiría o enunciado "*proposta de rebaixas nas taxas de basura do comercio e hostalaría*" por "*proposta de actualización nas taxas de basura do comercio e hostalaría*" obtense o seguinte resultado:

Sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e BNG e seis abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados.

Sometido a votación o ditame coa incorporación da emenda o Pleno, por sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e BNG e seis abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados adopta o seguinte,

#### ACORDO:

1- Proposta de creación de mais prazas de aparcamento, o sector do comercio quixase de que non se crearon, nos últimos anos, novas prazas de aparcamento realmente útiles para favorecer ao comercio, o último aparcamento útil creouse na avda do Salnés ou variante de Fefiñáns, na esquina do cruce da Terra Santa con avda do Salnés, creada na lexislatura 2011-15. Necesitamos máis zoas de aparcamento no centro, hacia o campo verde, na lexislatura 2015-2019, foi a lexislatura que menor número de prazas de aparcamento se crearon en Cambados.



Na zoa do Campo Verde, se debería xestionar con algún propietario dunha parcela que teña capacidade para estacionar un número importante de vehículos, a última adquisición en Rúa Nova, non soluciona o problema actual.

2- Proposta de creación da zoa azul para aparcamento, os comerciantes de Cambados están totalmente dacordo coa creación dun novo regulamento municipal para coordinar a creación de “zoa azul”, poñendo a disposición prazas de aparcamento no centro do casco urbano, por ser o lugar de maior dificultade para acceder a unha praza de aparcamento gratuita e céntrica, ao longo da xornada de apertura dos comercios. Trataríase de converter prazas de aparcamento nos lugares mais accesibles e cercanos ao comercio, no centro de cambados e propoñer esas prazas para que se permita aparcar gratuítamente perante unha hora, de gal xeito que poidan rotar o maior número de vehículos nunha mesma praza de aparcamento ao longo do día. Evidentemente esta medida non tería sentido, se non está acompañada dun regulamento e mecanismos de control.

As zoas propostas serían:

- prazas existentes a día de hoxe diante da oficina de La Caixa, cruce de Avda de Galicia coa entrada a Curros Enríquez (Rúa Aseo). 3 prazas, 1 de minusválidos.
- prazas existentes na Avda. de Galicia, dende a Cofradía ata Abanca. 7 prazas.
- prazas existentes en Travesía do Muelle, 2 prazas.
- prazas existentes lateral igrexa parroquial Sta. Mariña. 3 prazas
- prazas existentes en Rúa Nova. 3 prazas.
- prazas existentes en Rúa Lugo. 3 prazas.

Ademáis, se debería xestionar con Portos de Galicia a posibilidade de incorporar outras 20 prazas na zona de competencia de Portos. Primeiras prazas da estrada do paseo da calzada, primeiras prazas do paseo marítimo hacia o concello, por exemplo.

3- Proposta de mellora da iluminación de rúas, debido a escasa iluminación que existe actualmente en moitas rúas comerciais.

4- Proposta de mellora da limpeza viaria, entendemos necesario intensificar e mellorar a limpeza viaria e a recollida diaria de contenedores, así coma a limpeza dos propios contenedores.

5- Proposta para realizar dende o concello mais campañas de promoción do comercio e hostalaría cambadesa. Realizar campañas nos medios de comunicación é unha acción que se debería realizar no concello e que Cambados se convirta no referente da comarca novamente.

6- Proposta para realizar festas e actividades para cativos e maiores ao longo do ano, de tal xeito que se incentiven as actividades no municipio como medida de apoio ao comercio e hostalaría. Concertos, colchonetas para cativos, degustacións, concursos, etc..

7- Proposta para arranxar as deficiencias creadas recentemente na Rúa Pontevedra e Rúa Ourense coa execución das obras do Plan Concellos 2017. Os comerciantes destas rúas están molestos co resultado destas obras, deido a que entra auga da choiva nos seus negocios e as aceras son ríos de auga cando chove.

8- Proposta de creación de mais zoas de carga e descarga para servizo dos comercios e restauración.



9- Proposta de axilización dos trámites administrativos para a concesión de licenzas de obra e apertura de actividade, cos mecanismos de control máis flexibles.

10-Proposta de actualización nas taxas de basura do comercio e hostalería e rebaixa nas taxas ás terrazas.

Estas son propostas consensuadas con gran número de comerciantes e hostaleiros de Cambados e por iso, se insta a súa execución e posta en funcionamento destas dez propostas á maior brevidade posible, con independencia de que se poidan incluír ou executar outras que tamén sexan beneficiosas para o comercio e hostalería de Cambados.

## 7.- Expediente 312/2020. Moción do B.N.G. para mellora da sanidade pública.-

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión de Servizos Sociais, Terceira Idade, Seguridade Cidadá e Mobilidade e, por tres (3) votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e (4) abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e grupo mixto (Cambados Pode):

### *“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A Corporación municipal do Concello de Cambados está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Núñez Feixóo, baseada nos continuos recortes de recursos e orzamentos, no desmantelamento de hospitais comarcais coma o do Salnés, no abandono dos Centros de Atención Primaria como o de Cambados, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal, no recorte de camas hospitalarias, na privatización e externalización de servizos esenciais, nas derivacións de doentes a centros privados, na desatención da saúde mental e das mulleres.*

*Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil reotorno se non as paramos entre todos.*

*As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín cotnra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.*

*Cremos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía cambadesa, indistintamente da forza política á que pertenzan os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria do Salnés se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir o deterioro do noso sistema de saúde polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.*

*Os municipios da Área Sanitaria necesitan uns servizos públicos de sanidade acordos co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais. Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

**ACORDO**



*PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.*

*SEGUNDO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos no hospital do Salnés.*

*TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.*

*CUARTO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.*

*QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actulamente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.*

*SEXTO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.*

*SÉTIMO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.*

*OITAVO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.*

*NOVENO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir unha atención accesíbel e de calidade.*

*Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Cambados á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido."*

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) da conta da moción en defensa da sanidade pública e da manifestación prevista en Santiago de Compostela para o vindeiro 09 de febreiro constituíndo un problema que preocupa a toda a poboación.

Da conta do incremento das listas de espera e fai referencia ás políticas de desmantelamento de hospitais comarcais coma o do Salnés, no abandono dos Centros de Atención Primaria como o de Cambados, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal, no recorte de camas hospitalarias, na privatización e externalización de servizos esenciais, nas derivacións de doentes a centros privados, na desatención da saúde mental e das mulleres.

Ofrece datos do incremento da actividade da medicina privada en Galicia e do criterio do Sergas de subvencionar e privatizar a sanidade.

Afirma que o Defensor do Paciente fala de que o obxectivo do Sergas é o de privatizar a sanidade. Da conta do incremento do ratio de médicos e pacientes.

Explica que os médicos se poden xubilar aos sesenta anos e non continúan porque non poden atender a un número tan elevado de pacientes.

Di que os Colexios de Médicos piden a diminución do número de pacientes e a estabilización do persoal existente tendo en conta que non se cubren baixas e vacacións.

Da conta do peche, igualmente, da unidade de partos de Verín.





Da un repaso aos acordos a adoptar que se detallan na moción.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) da conta da morea de mocións que se presentaron en relación á sanidade pública por parte do goberno municipal e o BNG e nas que o Partido Popular sempre votou a favor, tan só abstivéronse nunha delas.

Discrepa da exposición de motivos da moción en relación aos recortes, o que lle ofrece dúbidas para a súa aprobación.

Manifesta que a saúde é primordial na nosas vidas e por iso adianta o voto a favor da moción.

Afirma que a situación non é boa; que hai que mellorar pero que os orzamentos en Sanidade son os mais altos da historia.

Da conta do déficit de médicos de familia e de pediatras e das xestións co Ministerio de Sanidade para o incremento das prazas.

Por todo isto imos votar a favor da proposta para amosar o apoio a necesidade de mellorar en moitos aspectos.

Non considera negativo acudir aos concertos con hospitais privados cando existen picos de atención como pode ser o da gripe.

Da conta da imposibilidade de construír macrohospitais e de que o nivel dos servizos asistenciais é bo.

Discute que poidan existir recortes cando o orzamento en sanidade increméntase.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que si votarán a favor, e repasa as mocións presentadas no relativo a este particular no anterior mandato.

Di que se está a alentar á cidadanía para derivarse a sanidade privada, algo que se amosa como unha necesidade ideolóxica.

Da conta do proceso reivindicativo no Concello de Cambados ao longo da lexislatura anterior que non recibiu apoio por parte do electorado nas Eleccións Autonómicas de 2016.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) da conta da preocupación social por este tema. Di que a ver si tras as eleccións isto se soluciona e evitar reforzar servizos privados en detrimento dos públicos. En relación ao envellecemento da poboación considera que o goberno galego terá que pedir máis por ese problema endémico.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) critica que as once mocións presentadas e os escritos presentados non se remitían aos organismos competentes. O responsable é remitir os escritos, todo o que sexa non facer isto é facer un debate estéril, considera.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que si se transmitiron oficios á Consellería de Sanidade; e proposicións non de Lei a pesares dos problemas que existiron no posto de Secretaría.



Sometido a votación o Pleno, por, unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

**ACORDO:**

PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

SEGUNDO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos no hospital do Salnés.

TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actulamente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SEXTO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

SÉTIMO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

OITAVO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

NOVENO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir unha atención accesíbel e de calidade.

Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Cambados á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

**8.- Expediente 313/2020. Moción de CAMBADOS PODE en apoio ao sector do viño, ao sector enoturístico e en defensa do interés xeral de Cambados.-**

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión de Turismo e Enoturismo por un (1) voto a favor do concelleiro integrado no grupo mixto (Cambados Pode) e seis abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Somos Cambados, PP e BNG:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.-*

*No período 2015-2019 Cambados consegue tódolos premios posibles como fruto do*



gran esforzo realizado no departamento de enoturismo e grazas á colaboración do sector enoturístico e de toda a sociedade cambadesa.

No ano 2015 o Concello de Cambados pon en marcha o portal web [www.cambadosenoturismo.com](http://www.cambadosenoturismo.com) que ofrece información de utilidade para os turistas interesados no mundo do viño e tamén conta cunha bolsa de traballo tanto para ofertar emprego como para solicitalo nas distintas posibilidades do enoturismo. Así mesmo as novas tecnoloxías incorporáronse a este portal web cunhas prácticas audioguías, así como códigos QR a través dos cales o visitante pode acceder á información que necesita dende o seu móvil. Este proxecto formaba parte dunha subvención do GDR Salnés e o proxecto foi presentado en Fitur no ano 2016.

En novembro do ano 2016 Cambados convértese contra todo pronóstico na Cidade Europea do Viño 2017 sendo elexida pola asociación europea RECEVIN de entre 800 cidades de 11 países europeos. Este nomeamento histórico para Cambados e para Galicia tivo un impacto moi positivo na economía local cambadesa e tamén no turismo de toda a comarca de O Salnés. Cambados recibiu un 30% máis de turistas que o ano anterior e a Festa do Albariño nesa edición foi a máis multitudinaria e internacional da historia.

Sería no ano 2018 cando despois do esforzo de toda a sociedade cambadesa, do sector enoturístico e tamén das diferentes corporacións locais durante case 7 décadas a Festa do Albariño pasa a ser recoñecida como Festa de Interese Turístico Internacional. Nese mesmo ano Cambados é declarado pola asociación de cidades españolas do viño ACEVIN como o “Mellor Municipio Enoturístico de España 2018”.

Cambados durante o período 2015-2019 é un destino enoturístico de referencia a nivel internacional e a promoción enoturística ten un claro obxectivo que é o de potenciar e desenvolver a economía local promocionando os sectores productivos do Mar, o Viño e o Turismo.

Nos primeiros meses de goberno bipartito PSOE-Somos Cambados estamos asistindo atónitos a un desmantelamento sen precedentes dos logos e traballo realizado polo Departamento de Enoturismo na lexislación anterior. Nestos meses practicamente non se realizaron actividades de promoción enoturística e o que é peor que tratan de desfacer os logos conseguidos ata o momento. Toda esta situación afecta ao interese xeral de Cambados, razón pola cal presentamos esta moción para que o pleno debata e adopte os seguintes acordos.

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

1º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a que repoñan na rotonda de Vilariño o letreiro de “Cambados Cidade Europea do Viño 2017” cumprindo os requerimentos da autorización concedida polo departamento correspondente da Xunta de Galicia. Trátase dun elemento de promoción e posta en valor de Cambados como destino enoturístico e tamén unha publicidade para Cambados nunha estrada de alta densidade de tráfico, ademais de ser a principal entrada de turistas ao noso pobo. Dende logo un reclamo tamén para todos aqueles visitantes que acuden a concellos limítrofes, sen dúbidas unha forma de dar a benvinda a tódolos veciños e visitantes que entran en Cambados.

2º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a recuperar o dominio [www.cambadosenoturismo.com](http://www.cambadosenoturismo.com) e reestablecer o funcionamento do portal web no que se ofrecía información de interese a tódolos visitantes interesados no mundo do viño. Este portal web leva pechado dende o pasado mes de setembro do ano 2019 e o Concello no mes de novembro do ano 2019 emitíu un anuncio coa actividade a celebrar no Día Europeo do Enoturismo a tódalas cidades e Rutas do Viño de España firmando con ese dominio.

3º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a continuar coa tramitación administrativa do expediente para solicitar autorización para instalar



a sinalización turística “Cambados, Vila do Albariño” na autopista AP-9 en ambos sentidos na saída de Curro. Esta mesma sinalización foi instalada na autovía Curro-Sanxenxo na saída de Cambados o pasado 2017.

4º.- O Concello de Cambados no prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á Ruta do Viño Rías Baixas, ao Consello Regulador Rías Baixas, ao presidente de RECEVIN, á presidenta de ACEVIN, ao presidente de Cambados Zona Centro, á presidenta da Mancomunidade do Salnés, a tódalas adegas de Rías Baixas implantadas no termo municipal cambadés, e tamén a tódolos establecementos enoturísticos do casco urbano de Cambados.”

Sometido a votación o o Pleno, por oito votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e cinco abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal de PP acorda retirar do asunto da orde do día quedando sobre a mesa e aprazándose a súa discusión ata a seguinte sesión.

#### **9.- Expediente 329/2020. Moción do P.P. relativa á aprobación dun plan de actuacións/labores de mantemento a desenvolver nos centros educativos de Cambados.-**

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión de Obras e Servizos, por catro (4) votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e grupo mixto (Cambados Pode) e tres (3) abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG:

*“... As competencias municipais abarcan diferentes ámbitos, todas as obrigas das entidades locais son importantes pero dende o Partido Popular de Cambados entendemos como unha prioridade a atención aos nenos e nenas. Gran parte da súa actividade diaria a desenvolven nos centros educativos e unha das competencias municipais é o mantemento dos colexios de educación infantil e primaria. Por iso é de debido cumprimento realizar unha labor de mantemento continuada e coordinada coa dirección dos coles e as ampas ao longo do ano para que as instalacións permitan desenvolver a actividade educativa na mellor das condicións. Para prestar unha labor educativa de calidade, como a que se imparte hoxe en día, debemos procurar tamén que os centros de ensino contén cunhas instalacións de calidade para non sempre é así.*

*Membros de ampas de Cambados puxéronse en contacto con concelleiras do Partido Popular para informar das necesidades e deficiencias dos ceip do noso municipio, por tal motivo, iniciamos unha ronda de entrevistas con directores e ampas de cada centro para coñecer a situación actual, a realidade que puidemos comprobar é que son moitas as instalacións que a día de hoxe están en mal estado e urxe por parte do concello un plan para mellorar o mantemento dos colexios e centros de primaria.*

*O goberno local pode contar co Plan Concellos para realizar as melloras que proponen dende cada ceip a realizar unha labor de posta a punto para este curso, ademais é necesario ampliar a partida orzamentaria destinada a mantemento dos centros escolares e asegurar o bo funcionamento das instalacións para vindeiros cursos escolares.*

*Debemos estudar e analizar esta proposta urxente e xestionar na procura dunha*



*solución a curto prazo, ademáis de concretar un protocolo para resolver definitivamente a situación, cun programa anual de mantemento en todos os centros. Dende o noso grupo municipal ofrecemos toda a colaboración posible e solicitamos tamén o apoio ao resto dos grupos políticos do pleno de Cambados.*

*Por tal motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita que o Pleno Municipal de Cambados acorde:*

- 1.- Aprobar un plan de actuacións en labores de mantemento para desenvolver en cada centro educativo de Cambados, cosnensuado coa dirección e ampa.*
- 2.- Aprobar unha partida económica para realizar o mencionado plan de actuacións.*
- 3.- Ampliar a partida orzamentaria destinada a mantemento dos centros educativos nos vindeiros orzamentos do Concello de Cambados”.*

A Sra. Fole Trigo (PP) manifesta que a presentación da moción deriva da inquedaanza transmitida polas Ampas en relación as deficiencias dos centros e da necesariedade de coordinar actuacións para a mellora da calidade das infraestructuras.

Solicita o arranxo do perímetro dos centros (Vilariño, Santo Tomé); pon de manifesto a mala situación dos parques infantís e dos columpios facendo referencia a un escrito presentado no Concello.

Di que os accesos e a iluminación dos centros é deficiente.

Da conta da insuficiencia dos recursos de limpeza de varios centros e da deficiencia nos espazos verdes e nas canalizacións eléctricas.

Lembra a demanda de espazos cubertos nos centros (Corvillón), e a existencia de humidades no Centro Magariños.

Reitera a solicitude de sinatura do Convenio do comedor de Santo Tomé; unha partida económica para realizar o mencionado plan de actuacións; pide ampliar a partida orzamentaria destinada a mantemento dos centros educativos e solicita un plan de actuacións equitativo para todos os centros.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) pide ao grupo municipal do PP que inclúa un título nas súas mocións.

Reflexiona acerca da antiguidade dos centros educativos de Cambados e que as demandas ás veces exceden da competencia municipal, que é a de mero mantemento.

Afirma que a dotación dunha instalación cuberta é competencia autonómica.

Di que na súa etapa como concelleiro de goberno xa solicitara o incremento da partida orzamentaria para estas finalidades.

Solicita incluír unha emenda á proposta, consistente nun carto punto pedindolle á Xunta de Galicia investimentos nas súas instalacións dentro das súas competencias.

Di que se apoia esa moción pero solicita que se inclúa esa emenda.



O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que solicitouse unha persoa de mantemento para o Plan Concellos, e aprobouse o incremento da partida orzamentaria nun 50 %.

Di que os peches perimetrais, iluminación, cubertas e parques non constitúen obras de conservación e mantemento.

En relación ao comedor de Santo Tomé di que se estivo agardando por un Convenio durante ano e medio e agora se meten presas.

Plantea unha emenda á proposta do seguinte tenor,

*"Instar á Consellería de Educación a que se renoven e realizen investimentos nas infraestructuras educativas."*

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) discute que a reparación dun peche perimetral sexa un gasto de investimento.

A Sra. Fole Trigo (PP) reitera a necesiedade de axilizar os trámites para a sinatura do Convenio.

Consensuada entre os grupos unha emenda á moción que é do seguinte tenor:

*"4.- Solicitar á Xunta de Galicia para que proceda ao axeitamento das instalacións no ámbito das súas competencias."*

Sometido a votación a toma en consideración da emenda obtense o seguinte resultado:

Unanimidade a favor da toma en consideración da emenda.

Sometido a votación o ditame coa incorporación da emenda o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

#### **ACORDO:**

- 1.- Aprobar un plan de actuacións en labores de mantemento para desenvolver en cada centro educativo de Cambados, consensado coa dirección e Ampa.
- 2.- Aprobar unha partida económica para realizar o mencionado plan de actuacións.
- 3.- Ampliar a partida orzamentaria destinada a mantemento dos centros educativos nos vindeiros orzamentos do Concello de Cambados.
- 4.- Solicitar á Xunta de Galicia para que proceda ao axeitamento das instalacións no ámbito das súas competencias.

E superada a medianoite, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

